



MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO, PARA DOTAR DUN SEMENTAL DE PURA RAZA AO PARQUE DE O INVERNADERO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración autonómica que ten atribuídas as competencias referidas á conservación da natureza e ao fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a administración do Parque Natural do Invernadeiro.

Antecedentes:

O Parque Natural do Invernadeiro abrangue unha superficie de 5,722 ha, e está constituído na súa totalidade polos montes do Invernadeiro, situados no termo municipal de Vilariño de Conso, na provincia de Ourense.

O Invernadeiro foi declarado parque natural polo Decreto 155/1997, do 5 de xuño, de acordo co establecido nos artigos 13 e concordantes da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais, e da flora e fauna silvestres.

Os montes do Invernadeiro conforman un lugar de grande importancia ecolóxica no ámbito da comunidade galega, tanto pola singularidade dos seus ecosistemas e hábitats como pola súa xeomorfoloxía e paisaxe, que é necesario protexer e preservar na salvagarda dos seus valores naturais.

A Asociación Pura Raza Cabalo Galego ten entre os seus fins, estudar o comportamento da raza en liberdade en terreos do Monte.

A colaboración entre a Asociación Pura Raza Cabalo Galego e o Parque do Invernadeiro, pode ser unha das pezas clave para o mantemento do equilibrio ambiental no parque, xa que a única raza equina autóctona de Galicia, o cabalo de pura raza galega, basea a súa alimentación na inxesta de masa arbustiva, polo que pode contribuír a realizar unha importante labor de contención da maleza, axudando a preservar o equilibrio ambiental no parque e á prevención dos incendios forestais.

Finalidade: Para os efectos sinalados tense previsto formalizar coa Asociación Pura Raza Cabalo Galego o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 5 anos.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ocuparase da manutención e coidados sanitarios do semental que a Asociación Pura Raza Cabalo Galego cede, en termos de compatibilidade coa conservación do valor do Parque Natural O Invernadoiro, sen que a sinatura do convenio lle supoña ningún custo, xa que as obrigas asumidas polo Parque ao abeiro do Convenio non conlevan máis custos que os que derivan da xestión ordinaria do Parque.

O convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego para a dotación dun semental de pura raza galega para a cabana sita no Parque Natural do Invernadeiro.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2016

A directora xeral de Conservación da Natureza